



Guía Docente				
Datos Identificativos			2020/21	
Asignatura (*)	Actualizacións das Tradicións Literarias e Culturais		Código	613584117
Titulación				
Descriptoros				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Lopez Fernandez, Maria Teresa	Correo electrónico	t.lopez@udc.es	
Profesorado	Lopez Fernandez, Maria Teresa	Correo electrónico	t.lopez@udc.es	
Web	http://www.udc.gal/filo			
Descrición xeral	Estudo e análise crítica das tradicións e das transferencias literarias e culturais, incluíndo as vangardas modernas e os procesos actualizadores ou apropiadores dos espazos literario-culturais propios e alleos. Na sección de contidos figuran os asuntos específicos que serán tratados na materia.			
Plan de continxencia	1. Modificacións nos contidos Non hai 2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen Lecturas. Traballos titorizados Prácticas a través de TIC *Metodoloxías docentes que se modifican: Seminario. Será realizado ben a través de Moodle, con presentacións xerais e breves lecturas complementares, ben en Teams, en sesións síncronas ou asíncronas. 3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado Foros específicos en Moodle, videotutorización a través de Teams, respostas ás consultas por correo electrónico. 4. Modificacións na avaliación Mantéñense as actividades e as porcentaxes de avaliación, cos seguintes especificacións: Lecturas. As discusións e presentacións serán realizadas a Teams e/ou Moodle, de forma síncrona o asíncrona. Todas as entregas de tarefas serán realizadas a través da plataforma Moodle. *Observacións da avaliación: Mantéñense as recollidas na guía docente. 5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía A bibliografía de referencia non será modificada, aínda que serán facilitados materiais específicos (en formato PDF ou URL) a través da plataforma Moodle para o acompañamento das sesións non presenciais.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Recoñecer os procesos históricos dos estudos literarios e culturais, describindo algúns dos trazos que supoñen unha mudanza de paradigma		AM8	
Propor e desenvolver unha investigación avanzada ofrecendo un enfoque orixinal e creativo sobre algún tema relacionado coa materia		AM3	CM5 CI1



Desenvolver a capacidade de participar con precisión de pensamento e expresión (oralmente e por escrito) nos debates propios dos estudos literarios e culturais	AM6 AM8	BP7	
Aplicar os diferentes fundamentos ideolóxicos da análise cultural sen perder de vista o contexto	AM1 AM9		CM6
Incorporar a perspectiva transnacional aos estudos literarios	AI2		CM4
Desenvolver estratexias e técnicas que favorezan a negociación e a resolución de conflitos derivados de situacións complexas condicionadas pola diversidade cultural	AM5	BP2	
Interpretar as manifestacións literarias en relación con outros códigos culturais esenciais en cada período (pintura, cinema, música, banda deseñada etc.)	AM4 AM8		CM2
Identificar e interpretar os novos marcos teóricos e conceptuais que intentan explicar a evolución da cultura contemporánea	AM7 AM8 AM9		
Empregar a metodoloxía comparatista na análise da literatura, da arte e da cultura no ámbito galego-portugués	AM9 AI2		
Manexar argumentarios sólidos e complexos, que enlacen co estado da cuestión no ámbito internacional	AM4	BP3	CM4 CM5
Propor e realizar análises orixinais sobre problemas actuais nos ámbitos concretos da creación, da produción, da transmisión ou da recepción dos produtos culturais, artísticos e literarios	AM3 AM9		
Realizar análises segundo os principios e os métodos propios das correntes teóricas máis relacionadas cos contidos da materia	AM4	BP3	CM2 CM5
Describir e analizar criticamente os procesos culturais na sociedade contemporánea	AM4 AI2		CM2
Acreditar o coñecemento e o manexo dos principais recursos bibliográficos, hemerográficos, bases de datos e repositorios dixitais sobre estudos literarios e da cultura no ámbito galego-portugués		BP1 BP5	CI3

Contidos	
Temas	Subtemas
Tradición literaria e tradición cultural.	Tradición e tradicións. Tradición e canon. Tradición vs. ruptura. A tradición da ruptura. A invención da tradición.
Tradición e nación.	Tradición e literatura nacional. Tradición, historia e cultura no Rexurdimento. Unha tradición galega? Tradición popular e tradición medieval.
Actualizacións da tradición medieval.	Medievalismo/s: a literatura e a cultura medieval na contemporaneidade. Produtos e funcións. A literatura e a cultura medieval na Galiza contemporánea. A literatura e a cultura medieval no Portugal e no Brasil contemporáneos.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Seminario	A1 A4 A6 A8 A9 B6 B8 B10 C7 C5	10	10	20
Lecturas	A5 A6 A7 B5 C4 C9	4	20	24
Prácticas a través de TIC	A4 C2 C7 C6 C9	0	5	5



Traballos tutelados	A13 A3 A6 A9 B4 C2 C6	1	25	26
Atención personalizada		0		0
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Seminario	Traballo cooperativo na aula sobre os textos e as lecturas proporcionadas no dossier da materia.
Lecturas	Realización das lecturas indicadas na guía docente e/ou na plataforma moodle.
Prácticas a través de TIC	Utilización dos recursos TIC para a xestión da información e para pesquisa académica.
Traballos tutelados	Realización do traballo titorizado sobre o asunto que se acordará coa profesora e presentación dos seus resultados por escrito e, eventualmente, de forma oral nas aulas.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Seminario	A profesora orientará aos/as estudantes na preparación das sesións de seminario e na realización do traballo titorizado. A orientación realizarase de forma individualizada e facilitaranse indicacións por escrito cando for preciso.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A13 A3 A6 A9 B4 C2 C6	Será valorado o proceso de realización e o resultado final, que será presentado por escrito ou/e oralmente segundo as indicacións que serán proporcionadas no inicio do período de aulas.	60
Seminario	A1 A4 A6 A8 A9 B6 B8 B10 C7 C5	Será valorado o acompañamento da materia a través da entrega por escrito das conclusións das sesións, desenvolvidas en forma de seminario.	15
Lecturas	A5 A6 A7 B5 C4 C9	Será valorada a súa realización a través da participación e das intervencións nas sesións presenciais. A profesora poderá asignar lecturas específicas a cada estudante para a súa presentación nas aulas.	25

Observacións avaliación
1. OPORTUNIDADE DE XULLO Deberán ser presentadas/realizadas as actividades avaliábeis non superadas ou non presentadas anteriormente de acordo coas indicacións específicas que a profesora dará logo de concluído o período de avaliación da primeira oportunidade. 2. NON PRESENTADO Será considerado NON PRESENTADO/A o/a alumno que non presente o traballo titorizado. 3. DISPENSA ACADÉMICA Quen teña dispensa académica terá condicións especiais de avaliación: 1. Traballo titorizado (60%). 2. Lecturas (40%). 4. ALUMNADO CON INCOMPATIBILIDADE HORARIA POR RAZÓNS LABORAIS OU DOUTRO TIPOO alumnado con dificultades para asistir ás sesións presenciais deberá comunicalo á profesora na primeira semana do mes de febreiro. Unha vez comprobada a súa situación, poderá optar ás mesmas condicións de avaliación que o alumnado con dispensa académica. 5. CONVOCATORIA ADIANTADA DE DECEMBROO sistema de avaliación será o mesmo que para as persoas con dispensa académica. O/A estudante deberá pórse en contacto coa profesora no mes de outubro. 6. INDICACIÓNS XERAISAs datas e condicións específicas de cada elemento da avaliación serán establecidas no inicio do período de aulas. Para calquera dúbida, poden pórse en contacto coa profesora en horario de titorías ou a través dunha mensaxe remitida a t.lopez@udc.gal.



Fontes de información

Bibliografía básica	Beramendi, Justo (2007). De provincia a nación. Historia do galeguismo político. Xerais: Vigo. Bhabha, Homi, dir. (2010). Nación y narración. Buenos Aires: Siglo XXI Argentina. Tradución de María Gabriela Ubaldini. Cunha, Carlos, ed. (2011). Escrever a nação: literatura e nacionalidade. Uma antologia. Guimarães: Opera Omnia. Figueroa, Antón (2001). Nación, literatura, identidade. Xerais: Vigo. Figueroa, Antón (2015). ¿Literaturas minoritarias, autonomía e relacións interliterarias?. Marxes e centros. Para unha socioloxía do campo cultural. Santiago de Compostela: Laiovento, 81-95. Forcadela, Manuel (2013). Dama Saudade e o Cabaleiro Sombra. As relacións entre o imaxinario literario e o imaxinario nacional na literatura galega contemporánea. Berlín: Frank & Timme. González Millán, Xoán (1998). ¿O criterio filolóxico e a configuración dunha literatura nacional. Achegas a un novo marco de reflexión?. Cadernos da lingua: 17, 5-24. González-Millán, Xoán (1994). ¿Do nacionalismo literario a unha literatura nacional. Hipótese de traballo para un estudio institucional da literatura galega?. Anuario de estudos literarios galegos, 67-81. Howbswaum, Eric e Terence Ranger, eds. (2002). La invención de la tradición. Barcelona: Crítica. Tradución de Omar Rodríguez. Lama López, M^a Xesús (2002). O celtismo e a materia de Bretaña na literatura galega. Universidad de Barcelona. Tese de doutoramento. Máiz, Ramón (1997). A idea de nación. Xerais: Vigo. Maleval, Amparo Tavares (2002). Poesía medieval no Brasil. Rio de Janeiro: Ágora da Ilha. Mathews, David (2015). Medievalism. A Critical History. Suffolk: Boydell & Brewer Inc. Pereira, Paulo Alexandre Cardoso (2005). A Beleza Imortal das Catedrais. Afonso Lopes Vieira e a imaginação medievalista. Aveiro: Universidade. Disponível em http://hdl.handle.net/10773/2862. Portela Yáñez, Charo (2010). Luís Seoane e a Galicia medieval. Santiago de Compostela: Universidade. Romero López, Dolores, coord. (2006). Naciones literarias. Barcelona / Madrid: Anthropos / Universidad Complutense. Sanmartín Bastida, Rebeca (2003). La Edad Media y su presencia en la literatura, el arte y el pensamiento españoles entre 1860 y 1890. Madrid: Universidad Complutense. Thiesse, Anne M. (2000 [1999]). A criação das identidades nacionais. Lisboa: Temas e Debates. Tradución de Sandra Silva. Villares, Ramón (2017). Identidade e afectos patrios. Vigo: Galaxia.
Bibliografía complementaria	Será proporcionada nas aulas e/ou a través da plataforma Moodle.

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Ante calquera dúbida, recoméndase pórse en contacto coa profesora, en horario de titorías ou escribindo a t.lopez@udc.gal.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías